



AVISO SOBRE A ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE TOURO-QUIÓN (TOURO)

O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial do Medio Rural da Coruña, informa de que se vai realizar a entrega dos títulos de propiedade da zona de reestruturación parcelaria de Touro-Quión, Concello de Touro.

Día: 27 de novembro de 2017

Hora: 10.30 comezará a entrada dos propietarios ao recinto e ás 11.30 h. comezará o acto de entrega

Lugar: Pabellón Polideportivo Fonte Díaz (Touro)

Os títulos poderán ser retirados polos interesados, ou outra persoa no seu nome, presentando o recibo que no seu día se lles entregou.

Todos aqueles propietarios que non teñan o recibo indicado no parágrafo anterior poden recoller os seus títulos de propiedade ao remate do acto. Terán que presentar o DNI da persoa que o retira e a autorización do propietario.

Os títulos de propiedade que non se recollan estarán a disposición dos interesados no Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial do Medio Rural (Edificio Administrativo de Monelos, rúa Vicente Ferrer, 2, 6º andar- A Coruña), dende o día seguinte.

Para facer este acto coa maior dilixencia e orde posible, calquera dúbida será atendida só ao final da entrega de títulos.

Agradecemos a súa colaboración na máxima difusión deste aviso.

A Coruña, 10 de novembro de 2017

